

Xulio L. Valcárcel. *Memoria de agosto*

Luciano Rodríguez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RODRÍGUEZ, LUCIANO (2011 [1994]). “Xulio L. Valcárcel. *Memoria de agosto*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 263-266. Reedição en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1423>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RODRÍGUEZ, LUCIANO (1994). “Xulio L. Valcárcel. *Memoria de agosto*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 263-266.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Xulio L. Valcárcel. *Memoria de agosto*
A Coruña: Deputación Provincial da Coruña**

Luciano Rodríguez

A estas alturas da súa carreira literaria case parece unha ousadía pola miña parte presentar e dicir quen é Xulio L. Valcárcel na poesía galega deste fin de milenio. Non obstante permítaseme apuntar que se trata de un dos poetas que xa hai un tempo incluímos como integrante da Poesía dos 80.

Certamente cremos que hai datos máis que suficientes para falar nestes términos, mais hoxe non o imos facer. Simplemente imos empregar este marco referente.

Trátase dun poeta de obra lenta pero firme, moi firme, e dunha poética fortemente humanizada. Recordemos o que nos dicía no seu primeiro poemario: “pra vós estes poemas do home pró home” ou “Non pró héroe, pró home escribo”. Quedan lonxe estas palabras, mais na súa poética seguen tendo vixencia. E como mostra diso que dicimos temos o seu último libro de poemas que comentaremos.

Antes de nos ocupar de *Memoria de agosto* fagamos un reconto-inventario da súa produción poética. Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953) dáse a coñecer con *Víspera do día* (Follas Novas: Santiago de Compostela, 1979), publica logo *Alba de auga sonámbula* (Celta: Lugo, 1983), segue *Solaina da ausencia* (Vía Láctea: A Coruña, 1987), *O sol entre os dedos* (Ed. do Castro: Sada-A Coruña, 1993) e *Memoria de agosto* (Deputación Provincial da Coruña: A Coruña, 1992).

O libro que temos nas mans *Memoria de agosto* foi merecedor do premio de poesía “Miguel González Garcés” na súa terceira convocatoria. Está prologado por Ramiro Fonte e leva ilustracións de Xosé Freixanes. Edición coidada, delicadeza exquisita na ilustración e sabiamente presentado. (Mais dunha das claves do libro que eu manexe aquí están adiantadas nas palabras do prologuista). Todo isto fai

que sexa un libro non usual para estes tempos que corren (non sei se malos para a lírica) onde as présas e o deus diñeiro provoca que a poesía se converta para os editores nun negocio ruinoso e deixen sistematicamente de a publicar.

Pero como non se trata de lamentos senón de falar da poesía última do autor lugués, imos deixar para outro momento a crítica ao sistema editorial e procuraremos centrarnos no libro.

¿Que supón *Memoria de agosto* na traxectoria poética de Xulio L. Valcárcel? Cremos que o primeiro froito de madurez plena. Consegue plasmar o mellor de si cunha técnica moi depurada, carente de grandes palabras vacías e procurando sempre a esencialización.

Atrás queda o mundo certamente preocupante e angustiado de *Víspera do día* ou de *Alba de auga sonámbula* e, en menor medida, de *Solaina da ausencia*. Aquelas cores grises, aqueles invernos longos, aquela chuvia persistente riba da casa da palabra deron paso a uns ceos de luz, a unha mirada vitalista e afirmativa. Se ben pervive certo recurso á memoria, e aquí entraríamos na temporalidade como temática recorrente no texto valcarciano, xa non se trata daquela visión abafante do paso do tempo: todo era cinza e ausencia. Agora hai afirmación, fe de vida, que diríamos con permiso de Jorge Guillén. Tempo sí, pero tempo pleno vivido en total sintonía co medio: as horas, as paisaxes, os espacios que xa non son vistas desde o lado da derrota e da perda. A vida é un don e como tal hai que vivila. Celebración, gozo, satisfacción por saberse habitante dese espacio exterior que el tan ben interioriza no proceso de creación fundadora. Non obstante, haberá que precisar que non todo é luz nos poemas de *Memoria de agosto*. Veremos sombras e vellas obsesións que perviven nestes textos, permitíndonos, así, falar dunha mirada continuada na obra de Xulio, se ben tendo presente a modulación vital e afirmativa da que máis atrás falamos.

Memoria de agosto está composto por corenta e sete poemas, todos eles titulados, sen outra organización estruturante que a simple continuidade acumulativa. Non obstante creo que a disposición do comezo e do peche do poemario ten unha clara intención organizativa e como tal debemos lela. Así, pois, antes de pasarmos a falar dos motivos que vertebran *Memoria de agosto* —luz/claridade, espacio(s) medio, o amor, as horas...— quero referirme ao poema que abre, “Autopoética (palabras contra o tempo)”, e ao que pecha, “Adagio, ofrenda última”, que pola súa disposición, e especialmente polo seu contido, xogan un papel de marco estruturante e son os creadores da atmosfera poética.

Na “Autopoética” preséntanos o material co que traballa: a palabra, as palabras. E el véas, “leves”, “fráxiles”, un eco que palpita na noite. Pero tamén sabe que a pesar da súa vulnerabilidade as palabras resisten e son o eco da súa voz que se prolonga a través do espacio poético por riba do tempo. Escoitémolo:

*Cavilo, ¿qué farán sen min?
A penas tremor de ar.
têpedo pálpito de brisa,
as palabras
tenaces resisten
conmovidas,
pequenas chamas
alimentadas de amor
contra o tempo.*

Se agora imos ao último poema poderemos observar que hai unha correspondencia en canto aos presupostos desde os que poetiza Xulio L. Valcárcel.

ADAGIO, OFRENDA ÚLTIMA

*A poeira do tempo
riba da memoria deste día
non me roube a súa difusa prata,
os seus ocre pálidos.
Non me deixe indefenso e nu
sen a súa inconcreta ofrenda
de matices ante a noite.
Non me deixe a ferida delicada
deste momento en música que vencido
de agonía se inclina,
sen a opulencia esplendorosa
dos bordados do seu traxe,
como unha fermosa dama que viste
de ouro a súa fráxil luz
diante da morte.*

O poeta recolle as flores do canto, a “fráxil luz”, o efémero esplendor deste día que vence no espello da memoria que devotamente se inclina perante o tempo que pasa asoballando todo e sementando sombras. De aí esa lenta, realista e consciente proposta que minuciosamente elabora neste poema: que as palabras sexan as que sigan falando, conservando a vivencia plena deste momento que pasa. Creo que a lectura paralela de un e doutro texto —“Autopoética” e “Adagio”— nos pon en disposición de entrar no resto dos poemas. Son “palabras contra o tempo”, como reza o subtítulo da autopoética. Desde esta perspectiva considero que hai que ler esta *Memoria de agosto*.

Xulio L. Valcárcel sempre tratou de procurar na súa obra a palabra espida, sincera, aparentemente sen artificios retóricos, querendo facer da súa proposta poética unha voz creíble, elexíaca e en perfecta solidariedade co home do seu tempo.

Neste libro que comentamos dá un cambio á proposta que nos facía en *Solaina da ausencia*. No “Envío” que fai a Fiz Vergara Vilariño lemos: “Xa coñeces o meu gusto polas paisaxes interiores, polos espazos desolados e enigmáticos, polas atmósferas de desacougante soedade. Tratei de facer unha poesía de temática esencial, en certa maneira ahistórica, válida para calquer tempo e lugar, e de achegar-me á cara oculta da realidade, máis aló de enganosas aparéncias”.

Certamente os escenarios poemáticos mudan totalmente. Todos son exteriores —collamos o texto que collamos— invadidos pola luz que pode ser do “Mencer”, do mediodía —“Hora redonda”—, da tardiña —“Praza de Siena”— ou da noite —“Espacio, 2”—. E neses escenarios exteriores traspassados pola luz que o poeta afanosamente recolle para o lector deixa a súa vivencia de plena afirmación nas horas, nos días, nas cousas amadas, na arela da viaxe (quizais metáfora da vida). Outro aspecto digno a suliñar deste poemario é o afervoado canto amoroso. Hai toda unha serie de textos que teñen como motivo central a celebración da vivencia na outredade porque mercé a ela o poeta sente que é un “Oficiante de claridade”.

Pero toda esta música de palabras coas que Xulio L. Valcárcel orquestrou este concerto poemático vese ameazada polo tempo que para no verso con todo o seu poder destructor .

Palabra alada, transparente, lixeira, fundamente conceptual na súa levidade fonda, celebradora, pero en definitiva música ameazada pola presenza das sombras que se entrevén.